



Mycoblastus sanguinarius (L.) Norman

Medra nas codias das árbores, preferentemente en bidueiros (fotos 1, 2), en ocasións en madeira morta ou en rochas silíceas cubertas de musgos. Pouco frecuente en Galicia debido a diminución dos bidueirais.

Caracterízase por ter un talo crustáceo gris claro ou abrancazado e apotecios negros sen rebordo talino (fotos 2, 3, 4). Con estas características hai moitas especies de liques que son difíciles de recoñecer no campo, pero esta especie ten unha particularidade que a fai inconfundíbel: a cor alaranxada ou avermellada que podemos ver nalgunhas partes do talo (foto 3) e dos apotecios cando os cortamos (foto 4).

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: talo K^+ amarelo sucio, C^- , KC^- , P^- ou P^+ amarelo.